

MESA SECTORIAL DO DÍA 13 DE ABRIL DE 2021

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O 16 DE MARZO DE 2021

Apróbase a acta das sesión referida unha vez feitas as alegacións pertinentes por parte das Organizacións sindicais.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DECRETO OPE 2021.

A Administración informa de que a Lei permite a oferta do 110% da taxa de reposición. Os datos a sumar para obter o número de prazas da OPE presentadas son:

- 1245 xubilacións
- 20 falecementos
- 22 excedencias por interese particular que implican perda de praza.

Os datos a restar son de 32 persoas que entraron na Comunidade por Concurso de Traslados e 7 reingresos.

Eses datos arrojan un total de 1248 prazas de taxa de reposición e, polo tanto, o 110% desas prazas supoñen 1372 prazas ás que hai que sumar prazas de nova creación en diferentes corpos que suman 232 máis alcanzando o número final de 1604. Esta oferta de emprego sumarase á de 2022 e xuntas celebraríanse no verán de 2022.

Desde ANPE Galicia queremos comezar a nosa intervención denunciando que os datos exactos da OPE 2021 se coñezan antes nos medios de comunicación que na Mesa Sectorial o que indica que claramente ven pechada e con pouca posibilidade de negociación de ahí que gustaríanos ter coñecidos os datos que a Administración acaba de proporcionar con anterioridade á celebración da Mesa. E preguntamos polas especialidades concretas que se van convocar. **A Administración indica que estamos nun escenario de distintas incertezas polo que non é prudente falar de especialidades concretas. Sen embargo, dos datos da OPE facilitados pódese deducir que, con case total seguridade, vanse ofertar todas as especialidades do corpo de mestres. No caso de profesorado de EOI o groso de interinos está na especialidade de inglés pero tamén é certo que hai especialidades que non se convocaron en anos anteriores.**

Con respecto á acumulación da OPE 2021 coa do ano 2022, ANPE Galicia manifesta a preocupación coas declaracións do ministro Iceta que indica que no ano 2022 se vai iniciar un proceso de estabilización. A preocupación vai na liña de que se a OPE do 2021 é de prazas de reposición e a do 2022 finalmente corresponde a prazas de estabilización poderían acumularse ambas ofertas?. **A Administración resposta que non hai problema en acumulación de OPE de prazas de estabilización coas de non estabilización.**

Dende ANPE amosamos o noso desacordo co establecemento dunha taxa de reposición. ANPE sempre manifestou que a estabilidade do profesorado pasa por amplas Ofertas de Emprego Público e para iso deben ofertarse todas as prazas que sexan necesarias para acadar a reposición dos efectivos perdidos nos últimos anos por mor da crise económica sen fixar ningún tipo de limitación no número de prazas que a Administración Educativa poida ofertar.

A Consellería informou do profesorado interino actual:

- 5711 persoas con contrato de interinidade por curso completo con data do 13/10/2020.
- 1.350 docentes que a Xunta identifica como “prazas covid”, polo que aseguran que a cifra “ordinaria” de persoal interino é de 4.360 docentes.

A Consellaría tamén ten en conta que a suspensión das oposicións no ano 2020 que se celebrarán este xuño de 2021 acarrea 2.276 prazas polo que se reduciría o total de interinidades a 2.085 (sempre e cando non queden prazas nos procesos selectivos desertas)

Desde ANPE Galicia amosamos tamén a nosa preocupación pola repercusión que podería ter sobre esta OPE e a convocatoria de oposicións que se publicará no ano 2022 a negociación do novo Real Decreto de ingreso. **A administración resposta que polo de agora non se está a tratar este tema co Ministerio. A Administración propón tratar de xeito conxunto os dous seguintes puntos da Orde do día xa que un está baseado no outro.**

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ANTEPROXECTO DE DECRETO, POLO QUE SE REGULA A SELECCIÓN, NOMEAMENTO E CESAMENTO DAS DIRECCIÓNS DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS QUE IMPARTEN AS ENSINANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.

4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ORDE POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO DE MÉRITOS PARA A SELECCIÓN E O NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS QUE IMPARTEN AS ENSINANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.

Como consideracións iniciais indicar que para ANPE Galicia a dirección dos centros educativos e a súa selección debería emanar directamente do Claustro tal e como vimos defendendo historicamente como o modelo de selección das direccións máis axeitado. Por outra banda, parécenos positivo que, por primeira vez, unha normativa superior estableza unha prioridade para as candidaturas que emanan do propio centro educativo. Para finalizar estas consideracións previas denunciar que no se incorpore á lexislación estatal a normativa europea que establece igualdade de condicións a igualdade de traballo desempeñado.

Con respecto ao anteproxecto de Decreto, desde ANPE Galicia facemos as seguintes consideracións:

- En relación ao artigo 4 apartado b) consideramos que debe establecerse a antigüidade como funcionario e non como funcionario de carreira tal e como indicabamos anteriormente en concordancia coa normativa emanada de Europa. No apartado e) consideramos que debería establecerse un período transitorio de 1 ou 2 cursos nos que non se esixa como requisito a posesión do curso formativo xa que é moi difícil poder acceder a este tipo de cursos pola escaseza de prazas ofertadas.
- En relación ao artigo 5 desde ANPE Galicia consideramos que deberían incorporarse ás vacantes para a selección de direccións aquelas que poidan vir derivadas das resolucións definitivas dos diferentes concursos de traslados. **A Administración non acepta esta proposta xa que entende que o feito de obter destino no Concurso de Traslados non implica necesariamente o cesamento nas direccións.**
- En relación ao artigo 7 ANPE Galicia propón unha composición da comisión de selección composta por 2 persoas da Administración, 4 do claustro de profesorado e 3 do Consello Escolar.

A presidencia e a secretaría da comisión debe elixirse dentro da comisión tal e como se fai noutras comisións semellantes. **A Administración resposta que non vai a modificar a composición da comisión nin vai a permitir que a presidencia se nomee dentro da propia comisión.**

- En relación ao artigo 10, desde ANPE Galicia demandamos a retirada da entrevista persoal.
- En relación ao artigo 14 de nomeamentos con carácter extraordinario, desde ANPE Galicia consideramos que deberían ser por un curso académico e a proposta de candidatos debería emanar do claustro e non do Consello Escolar. **A Administración deixará a duración das direccións extraordinarias en dous cursos.**
- Na disposición adicional primeira hai unha incongruencia entre este anteproxecto de Decreto e a Orde xa que nun dos documentos se establece un período de 4 anos e noutro dun período de 2.

Con respecto á Orde facemos as seguintes consideracións:

- No artigo 3 deberían indicarse os formatos específicos que debe cumprir o proxecto de dirección (extensión, tipo de letra, espazos, etc) e debería deixarse claro se se permiten Anexos. Deberían publicarse previamente os criterios de avaliación que se van a empregar para a valoración dos proxectos presentados.
- En relación ao prazo de presentación de solicitudes demandamos a ampliación a 20 días.
- En relación ao artigo 5.1 demandamos que se elimine a referencia á localidade da presidencia e no apartado b) do mesmo artigo insistimos na composición da comisión que propoñamos no anteproxecto do Decreto, é dicir, 2 persoas da Administración, 4 do profesorado e 3 do Consello Escolar. **A Administración resposta que deixará a localidade da presidencia da comisión tal e como está redactado.**
- Consideramos que en caso de empate nos subapartados estes se deben resolver por sorteo.
- En relación ao artigo 11 consideramos, tal e como indicabamos anteriormente, que as direccións accidentais deben estar limitadas temporalmente a un curso académico.
- No Anexo I, desde ANPE Galicia, insistimos no indicado no Anteproxecto en relación a que deben incorporarse as vacantes que poidan xurdir da resolución definitiva dos diferentes concursos de traslados.

Con respecto ao Baremo facemos as seguintes consideracións:

- Desde ANPE Galicia consideramos que nin o baremo nin os propios textos do Decreto e da Orde establecen mecanismos que fagan efectiva e real a prioridade de candidaturas emanadas do propio centro educativo. En concreto no baremo non aparece por ningures valoración ou puntuación por permanencia no propio centro. **A Administración resposta que non se puntúa no baremo a permanencia no propio centro porque xa se establece como criterio prioritario o feito de ter destino no centro.**
- ANPE Galicia demanda a retirada do apartado 2.3 por consideralo meritocracia.
- Debe unificarse a puntuación por títulos de licenciatura e de grado e debe incorporarse puntuación para os Mestrados Oficiais e, de xeito especial, os relacionados coa xestión educativa ou xestión pública. **A Administración considera que normativamente non é posible igualar as puntuacións xa que non se consideran ao mesmo nivel as licenciaturas e os grados. Tampouco se van a incluír os Mestrados.**
- Deben valorarse as certificacións de idiomas homologadas aos niveis europeos. No apartado cuarto non se especifica a temática ou natureza dos cursos nin a súa relación coa xestión educativa.

- Deben incorporarse tamén puntuacións para as coordinacións de xeito análogo a como se fai no Concurso de Traslados. **A Administración estudará esta proposta.**
- ANPE Galicia considera que a valoración do proxecto de dirección debería ser de APTO ou NON APTO.

Para finalizar incidir no aspecto en que a Administración non debería nomear direccións accidentais dos centros educativos que contan con rexeitamento ou oposición directa do claustro de profesores. Por último demandar que as persoas que, no caso de baixa do/a titular da dirección, a persoa que o substitúe perciba retribucións por este feito seguindo as directrices normativas europeas que veñen a indicar que a igual traballo igual retribucións.

5º PUNTO DA ORDE DO DÍA: CONVOCATORIA PROFESORADO ESPECIALISTA. CICLO DE EMERXENCIAS.

Os servizos xurídicos de ANPE Galicia amosan claramente as súas dúbidas sobre a legalidade desta convocatoria.

Creemos que deben establecerse requisitos de titulación e, soamente no caso de que non se poidan presentar aspirantes con titulación, se admitan solicitantes carentes dela. Así o fan outras Comunidades Autónomas que xa teñen publicadas convocatorias para profesorado especialista deste ciclo formativo. Desde ANPE Galicia achegamos copia das convocatorias de Andalucía e Castela A Mancha para que sexan estudadas pola Administración Educativa.

En relación á base segunda apartado 1 consideramos que a acreditación dos dous anos de experiencia profesional debería ser nos 5 ou 6 anos anteriores xa que 4 nos parecen escasos tendo en conta que a maior parte deste colectivo traballa temporalmente con contratos discontinuos e máis tendo en conta a situación de pandemia do ano anterior.

En relación ao apartado 3 desta mesma base segunda consideramos que debe establecerse a idade de 18 anos e non 16 xa que ao esixirse dous anos de experiencia profesional previa estaríamos a falar de aspirantes que hipoteticamente entrarían no mercado laboral con 14 anos (algo que a normativa laboral deste país non permite).

En relación ao baremos denunciámos a falta de obxectividade do recollido no apartado 1b onde se fala de experiencia laboral “parcialmente” relacionada co módulo. Quen vai a xulgar dita parcialidade?, a que se refire?.

No apartado 2.a) debería engadirse a lista das titulacións relacionadas cos módulos. No apartado 2d) consideramos que debería engadirse a formación asimilada.

Pásase a tratar os rogos e preguntas relacionados coa Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos (que é a que está presente na Mesa Sectorial no día de hoxe). O punto 6º da Orde do día (Calendario Escolar) tratárase mañá mércores 14 de abril a partires das 10:30.

6º PUNTO DA ORDE DO DÍA: CALENDARIO ESCOLAR 2021/2022.

7º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

MESA SECTORIAL



ANPE
SINDICATO INDEPENDIENTE
GALICIA

- Presentamos escrito entregado o día 6 de abril á Consellería de Sanidade solicitando que a aplicación da segunda dose da vacina ao profesorado galego non afecte á finalización do curso académico por tratarse dunha época de especial sobrecarga de traballo nin aos procesos selectivos. Así mesmo demandamos que se estableza unha canle efectiva para modificación de citación de vacinación no caso de que coincida con algunha das probas dos mesmos. Tamén demandamos coñecer se hai algunha decisión tomada ante a situación actual de non continuar coa vacinación con AstraZeneca.
- Solicitamos máis información sobre a situación das Cátedras de Secundaria, das listas de admitidos nos procesos selectivos e sobre a devolución das taxas da inscrición en listas de substitucións que non se van a publicar finalmente. **A Administración resposta que a lista de admitidos e excluídos nos procesos selectivos saíran publicadas, previsiblemente, a finais da presente semana ou a principios da semana que vén.**
- Denunciamos que a certo profesorado que solicitou a compatibilidade e lle foi concedida non soamente lle retiraron o complemento específico (como establece a normativa) senón que tamén lle retiraron o completo por titoría. **A Administración resposta que a lei indica que se deben retirar os complementos específicos e que o de titoría é un complemento específico.**
- Denunciamos que a Consellería denegue, por sistema, os permisos por asuntos propios e as reducións de xornada en determinadas especialidades sen estudar as casuísticas concretas de cada caso.
- Demandamos a urxente publicación da convocatoria para cubrir prazas de atención preferente tendo en conta a necesidade de continuidade do profesorado ao atender a un alumnado especial. **A Administración resposta que non se publicará ningunha destas convocatorias antes da resolución definitiva do CXT. Xa manifestaron a intención de convocar prazas de atención preferente, convenios, CAFI, etc.**
- Demandamos a reunión urxente do Comité de Saúde Laboral despois do sucedido na xuntanza da semana pasada coa Inspección de Traballo no que se constata a non realización da avaliación de riscos dos centros docentes por parte da Consellería de Educación.

Sen máis temas que tratar, péchase a sesión sendo as 14:50 horas.

ANPE
SINDICATO INDEPENDIENTE
GALICIA